

**PLAN ANUAL DE LECTURA**

**CURSO 2011-2012**

**ÍNDICE:**

- 1) INTRODUCCIÓN
- 2) BASE LEXISLATIVA
- 3) SITUACIÓN DE PARTIDA
- 4) ANÁLISE DO EMPREGO DOS RECURSOS MATERIAIS E ESPACIAIS DO CENTRO DIRECTAMENTE RELACIONADOS COA LECTURA.
- 5) OBXECTIVOS
- 6) ACCIÓNS E ACTIVIDADES PROPOSTAS PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS.
  - 6.1. Actividades dirixidas ó fomento do interese pola lectura e desenvolvemento da comprensión lectora por ciclos e nas distintas áreas curriculares.
  - 6.2 Actividades dirixidas ó desenvolvemento da comprensión lectora desde tó dalas áreas curriculares.
  - 6.3. Actividades relacionadas coa celebración de actividades complementarias ou extraescolares.
  - 6:4 Actividades/ propostas relacionadas coa “Hora de Ler”.
  - 6:5 Actividades para alumnos con NEAE.
- 7) A BIBLIOTECA ESCOLAR COMO RECURSO NO PLAN DE LECTURA ANUAL
- 8) RECURSOS HUMANOS, MATERIAIS E ORGANIZATIVOS.
- 9) AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN.

## **1.-INTRODUCCIÓN:**

Tendo en conta diversos estudos en relación coa adquisición do hábito lector e á formación de lectores competentes podemos afirmar que.

a) A adquisición de un axeitado hábito lector é un elemento fundamental á hora de progresar academicamente xa que moitas dos aprendizaxes adquirense a partires de textos escritos que o alumnado debe comprender e asimilar. Permite entender o que se le sobre calquera materia e axuda a desenvolver a creatividade do alumnado. Canto máis adquirido estea o hábito lector, máis probabilidades terá o alumno de avanzar no camiño do coñecemento.

b) A contribución do hábito lector ó desenvolvemento e adquisición das competencias básicas e vinculante dado que a lectura posibilita o avance global das mesmas, pero, a modo de exemplo podemos destacar: a competencia e comunicación lingüística, a competencia de tratamento da información e competencia dixital, e de forma directa, redunda no desenvolvemento das competencias de aprender a aprender e autonomía e iniciativa persoal, acadando alumnos/as capaces de autoxestionarse e avanzar no seu propio coñecemento, aspectos metodolóxicos presentes nos enfoques constructivistas dos currículos actuais.

En base ó ata de agora exposto e tendo en conta a importancia que no desenvolvemento e formación persoal ten a adquisición do hábito lector, vese necesaria a existencia dun documento ou proxecto que, de xeito ordenado e sistemático, vaia unificando actividades e obxectivos tendentes a acadar que a lectura e o libro ocupen un lugar preeminente na actividade escolar e extraescolar, tanto do alumnado coma do profesorado, que será en todo momento o punto de referencia e o modelo a imitar. Para iso, deberemos facilitar e posibilitar unhas condicións mínimas que favorezan o encontro entre o libro e o neno.

Todo o anterior supón, por unha parte, a implicación por parte da totalidade da Comunidade Educativa en sentido tanto horizontal ( Claustro e equipos docentes, tendo especial relevancia o equipo de biblioteca do centro educativo e as titorías) como vertical, abarcando actuacións dende a propia ideoloxía de centro, familias, e recursos da comunidade.

## **2.- BASE LEXISLATIVA:**

A continuación, e tendo en conta, como referente a actual lexislación educativa, en concreto o Anexo IV do *decreto 130/07 de 28 de xuño polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*, desenvólvese o seguinte plan de lectura anual, proposto para o presente curso escolar 2011-2012 no CEIP “ Pedro Antonio Cerviño” de Campo Lameiro.

Este plan anual de lectura, e unha proposta de todas aquelas actuacións que no centro educativo se van poñer en práctica, tendo como referente un marco mais amplo, neste caso O PROXECTO LECTOR DE CENTRO dado que, seguindo o establecido no devandito anexo IV do decreto de currículo, este documento será a guía que, a longo e medio prazo, establecerá as actuacións a medio e curto prazo referidas á lectura, á escritura e ás habilidades informativas nun centro educativo, neste caso, formando parte da Planificación Xeral do centro para un curso escolar.

A pretensión deste PLAN LECTOR, non é outro que o de fomentar os hábitos lectores do alumnado de Educación Infantil e Educación Primaria do centro a través de diversas propostas e actividades.

### **3.- SITUACIÓN DE PARTIDA:**

Para por en funcionamento o presente plan, pártese da análise da situación actual do centro e do alumnado en materia lectora para de este xeito, poder determinar aspectos como:

- Análise dos medios que posúe o centro para cubrir as necesidades nese senso e que uso real se fai deses medios.
- Valoración do hábito lector e a comprensión lectora dos nosos alumnos. Todo isto formaríase parte da avaliación inicial do plan lector que será o marco que englobará os distintos plans anuais de lectura que se irán propondo ó longo de cursos posteriores.

Para poder avaliar estas características dos alumnos, pódese recurrir a enquisas como a que se desenvolve a continuación, ou empregar un anecdotario lector, observacións que proveñen de entrevistas da titoría co alumnado e coas familias, etc.

ALUMNO/A: .....		CURSO.....	
AVALIACIÓN INICIAL:	SÍ / MOITO	ALGO / ALGÚNS	NON / NADA
1. ¿GÚSTACHE LER?			
2. ¿HAI LIBROS NA TÚA CASA QUE TE GUSTEN?			
3. ¿TES UN LIBRO NA TÚA MESIÑA DE NOITE?			
4. ¿ESTIVECHES NALGUNHA BIBLIOTECA?			
5. ¿VAS Á BIBLIOTECA PÚBLICA?			
6. ¿GÚSTACHE VISITAR LIBRERÍAS?			
7. ¿PIDES QUE TE REGALEN LIBROS?			
8. ¿LES MOITO NA TÚA CASA?			
9. ¿TEUS PAIS LEN NA CASA?			

10. ¿LEN LIBROS ADEMAIS DO PERIÓDICO?			
11. ¿ANÍMANTE NA TÚA FAMILIA A LER?			
12. ¿SÍNTESTE OBRIGADO A LER?			
13. ¿LES COS TEUS PAIS E OS TEUS IRMÁNS?			
14. ¿DISFRUTAS COMENTANDO AS LECTURAS?			
15. ¿PREFIRES OS CÓMICS ÓS CONTOS?			

ENQUIISA INICIAL ( preguntas abertas)	
16. ¿ONDE CHE GUSTA LER?	
17. ¿LER PARÉCEME...(ABURRIDO,DIVERTIDO...)?	
18. ENCÁNTAME LER HISTORIAS SOBRE....	
19. ¿CANTAS HORAS LES Á SEMANA?	

Esta enquisa inicial pode estar suxeita a cambios en función do que interese observar en cada caso concreto. Ademais a forma de levar a cabo esta avaliación inicial pode ser distinta segundo os ciclos xa que, sobre todo en idades temperás, pode ser importante e interesante a colaboración dos pais/nais nestas avaliacións.

- Propostas de actividades a levar a cabo en relación coa lectura, a escritura e as habilidades informativas dos rapaces e rapazas.

Con este primeiro paso, determínanse as actuacións concretas que van recollidas neste documento para o curso escolar.

#### **4) ANALISE DO EMPREGO DOS RECURSOS MATERIAIS E ESPACIAIS DO CENTRO DIRECTAMENTE RELACIONADOS COA LECTURA:**

Este apartado vai abranguer tres aspectos que, entre si se vinculan:

- A “Hora de ler”.**
- As bibliotecas de aula.**
- A biblioteca do centro educativo.**

Imos detallalas a continuación:

**a) A “Hora de ler”**, e un espacio que, seguindo as prescricións establecidas no decreto de currículo, debe existir nos centros educativos, é dicir, dentro do horario escolar.

Instáurase neste curso escolar, a “ Hora de ler”, no tempo inmediatamente seguinte á hora do recreo, sendo o docente implicado na 4ª hora da mañá a que realice a lectura co alumnado a cal pode abranguer distintas modalidades lectoras como puideran ser: lectura libre e silenciosa, lectura compartida, lecturas vinculantes cos temas traballados nas áreas de coñecemento, apadriñamentos lectores entre aulas, lecturas feitas por familiares, etc... Esta hora de ler supón un momento no que todo o centro educativo le, instaurándose polo tanto como hábito e actividade propia da dinámica diaria da escola.

**b) As bibliotecas de aula:**

Tanto nas 2 aulas de Educación Infantil do centro educativo como nas aulas de Educación Primaria, existen bibliotecas que son empregadas polo alumnado para facer lectura de tipo extensivo e dicir, lectura libre nos momentos en que o alumnado remata a tarefa, ou como empréstimo ( como e o caso de unha das aulas de E. Infantil). Aínda así non existen uns criterios unánimes nas titorías de cara o funcionamento de biblioteca de aula, que debe ser posto en práctica nun consenso común. No empréstimo case todas as aulas empregan a biblioteca do centro educativo.

**c) A biblioteca do centro:**

Cóntase con unha biblioteca escolar que, ten catalogada a meirande parte do material, a través da aplicación PROXECTO MEIGA. O empréstimo dos volumes faise a través da persoa titora do grupo, quen fai o rexistro do mesmo.

O equipo de biblioteca encárgase nestes momentos de catalogar novo material, así como dinamizar algúns aspectos da mesma, pero, será mais adiante cando se desenvolva esta apartado con maior amplitude dado que, neste curso escolar o equipo de biblioteca vai facer varias propostas ós ciclos en relación coa lectura que vincule de xeito globalizado o traballo con outros aspectos, como poden ser conmemoracións, participacións do alumnado do centro en

algúns certames, propostas relacionadas coa lectura e a composición escrita, implicación das familias, etc...de cara á dinamización deste espazo como recurso educativo.

O obxectivo será converter a biblioteca en un eido dinamizador do proceso educativo no marco do centro escolar.

## **5.- OBXECTIVOS:**

### **5.1. OBXECTIVOS XERAIS:**

Os obxectivos xerais que se propoñen neste PLAN LECTOR para un curso educativo, a nivel xeral e que consecuentemente redundarán na adquisición de obxectivos do PROXECTO LECTOR son os seguintes:

- Fomentar nos alumnos o interese pola lectura potenciando a formación de lectores competentes.
- Potenciar a comprensión lectora dende tódalas áreas do currículo
- Desenvolver a capacidade lectora como medio para a adquisición do hábito lector
- Descubrir a lectura como medio de ocio e disfrute persoal ( lectura intensiva e extensiva)
- Trasladar ó ámbito extraescolar e familiar o interese pola lectura así como fomentar a participación das familias na escola en materia lectora.
- Utilizar medios informáticos e audiovisuais como un recurso mais para a xestión e busca de información.
- Potenciar o uso da biblioteca tanto de aula como escolar converténdose en recursos para o ocio e tamén para a construción de novos coñecementos.

Dentro destes obxectivos xerais que se vinculan directamente cos obxectivos finais para a etapa de Educación Infantil e Primaria así como con destrezas e habilidades propias de cada unha das competencias básicas, establécense os seguintes obxectivos específicos, que determinarán de forma progresiva actuacións no centro escolar, sendo adquiridas como rutinas e hábitos propios do día a día na escola.

### **5.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:**

- Impulsar progresivamente o gusto pola lectura a través dunha selección de textos que se consideren oportunos para os intereses e os coñecementos do alumnado.

- Desenvolver en cada ciclo, de xeito gradual, estratexias que aseguren a lectura comprensiva, eficaz e fluída aplicadas ás distintas áreas de coñecemento.

- Afondar no dominio da lingua, para que os alumnos sexan capaces de planificar actividades e de transmitir mensaxes claros e coherentes.

- Exercitar a lectura expresiva utilizando o ritmo, a entoación e a pronunciación axeitada.

- Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade.

- Sentar as bases para un achegamento persoal á lectura.

- Espertar a sensibilidade, a imaxinación e a creatividade mediante a lectura.

- Relacionar a lectura e a vida cotiá facendo partícipes ás familias para que os alumnos sintan o desexo e a motivación de ler.

- Favorecer o uso continuo e autónomo da biblioteca para que o alumnado se familiarice coas súas normas de uso e os seus fondos, e a considere un espacio de aprendizaxe e goce.

- Sentir a necesidade de ler como un acto de pracer, non como unha continuación das tarefas escolares.

- Realizar lecturas colectivas no aula e no centro, intervindo os mestres nesas lecturas como exemplo.

- Incluír as dinámicas lectoras en pequenos proxectos e actuacións tanto dentro como fora da escola ( actividades complementarias e extraescolares, participación no Salón do Libro, lecturas compartidas...)

## **6. ACCIÓNS E ACTIVIDADES PROPOSTAS PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS:**

### **CONCEPCIÓNS PREVIAS NO DESENVOLVEMENTO DAS HABILIDADES LECTORAS Ó LONGO DOS CICLOS EDUCATIVOS:**



Antes de comezar coas actividades, sería conveniente na elección das lecturas ter en conta os temas e as características dos textos preferidos polos nenos segundo as súas idades.

No 1º ciclo deben ter as seguintes características:

- Profusión de imaxes para asegurar a comprensión lectora.
- Textos inscritos en espazos familiares para o alumnado, con presenza de ingredientes fantásticos e desenlaces felices e/ou inesperados.
- Protagonismo infantil ou de animais personificados para favorecer a identificación lectora.
- Temas centrados nas emocións, a afectividade e as relacións humanas e interpersoais.

No 2º ciclo serían:

- A importancia das imaxes na comprensión lectora diminúe xa que se axiliza o léxico visual.
- Os universos maravillosos e os contos fantásticos do folclore popular enmarcados en espazos naturais son os preferidos.
- Protagonismo de nenos e de animais personificados que superan conflitos para favorecer a identificación lectora.
- Xunto á ficción fantástica aparecen os textos de corte realista ou social, por un interese crecente polas relacións dos suxeitos co seu entorno.

- Esperta a curiosidade polo humor, o misterio e a ciencia – ficción.

No 3º ciclo os textos se caracterizan por:

- As imaxes perden protagonismo en favor do texto.
- Os mundos fantásticos aínda fascinan pero amplíanse as preferencias: os mitos, as aventuras e as exploracións, as intrigas de detectives, a denuncia social, a parodia, o humor...
- Abundan os protagonistas da mesma idade dos lectores para encarnar as súas preocupacións e vivencias.
- Diminúe o predominio da 3ª persoa e, con frecuencia, é a personaxe o que conta a historia coa súa propia voz.

## **6.1. Actividades dirixidas ó fomento do interese pola lectura e desenvolvemento da comprensión lectora por ciclos e nas distintas áreas curriculares:**

Neste apartado faremos un percorrido por diversas actividades tipo nos distintos ciclos educativos aínda que se levarán a cabo actividades nas que estea implicado todo o centro dinamizados polo equipo da biblioteca escolar. Prestarase especial atención á etapa de primaria xa que é onde os nenos deben comezar a utilizar as habilidades lecto-escritoras para adquirir ós contidos e coñecementos propios de cada ciclo; sen embargo, non debemos esquecer que na etapa de educación infantil tamén é preciso realizar actividades neste ámbito para así conseguir que os nenos estean motivados pola lectura previo que por outra parte, asenta as habilidades posteriores no desenvolvemento lector.

Nestas primeiras idades é moi importante á presenza dos adultos como intermediarios entre os libros e os rapaces; a lectura de contos e a presenza de libros nas aulas crea un interese dos rapaces polos libros que se verá reflectido en idades posteriores; esta motivación depende en grande medida do que os maiores inculquen ós pequenos; un neno que ve á súa familia lendo na casa ou que está en contacto cos libros dende pequeno terá maiores posibilidades de presentar uns hábitos lectoescritores saudables e unha maior motivación e interese pola lectura.

A selección dos libros que se lles len tamén é importante; teñen que estar cargados de imaxes significativas e ter características de interacción do alumno co libro, é dicir, que requiran da intervención dos alumnos na súa lectura e interpretación. Serán útiles os textos coas características dos expostos para o 1º ciclo, sendo moi importante a conversa tras os contos para asegurarse da súa comprensión e como medio para favorecer a linguaxe oral.

Tamén cómpre que os nenos collan os libros e os interpreten ó seu xeito a partires das imaxes. Así fomentaremos a imaxinación e a creatividade. Cando xa van coñecendo algunhas letras podemos ir introducindo lecturas moi sinxelas de palabras ou frases, así como a lectura pola ruta visual do seu nome e o dos seus compañeiros, así como de distintos obxectos ou lugares do aula e do centro, xa que isto favorecerá unha posterior adquisición da lectura.

As actividades que se poden realizar no 1º ciclo van encamiñadas a consolidar as destrezas e a velocidade lectora. Neste ciclo é importante equilibrar as actividades de traballo colectivas, grupais e individuais; ademais das sesións de lectura deben planificarse actividades específicas para cada área curricular. É importante traballar co alumnado a comprensión lectora e as especificidades do vocabulario e da linguaxe.

É necesario planificar as actividades de lectura en 3 pasos: antes de ler, durante a lectura e despois da lectura:

- **Antes de ler:** lectura do título e comentario cos alumnos dos posibles temas do texto.

- **Durante a lectura:** lectura en voz alta por parte do alumnado de fragmentos de textos progresivamente máis longos, para que exerciten a entoación e o ritmo axeitados. A partir do 2º curso pódese ir introducindo a lectura silenciosa do texto, de xeito que o alumno lea ó seu ritmo e interiorice o contido do texto. Ambos tipos de lectura, oral e silenciosa, son necesarios para traballar e desenrolar a comprensión lectora.

- **Despois da lectura** pódense realizar

- Actividades de comprensión: realización de preguntas de comprensión, encamiñadas a comprobar o grao de entendemento do texto e de memorización do lido.

- Actividades que exerciten a memoria: exercicios para lembrar elementos do texto.

- Actividades de vocabulario: buscar no dicionario as palabras que non entenden ou deduci-lo seu significado polo contexto ou por pistas dadas polo mestre. Tamén se poden realizar actividades nas que se traballe e experimente coas palabras do texto e asimilen o seu significado: ordenar letras para descubrir palabras da lectura, unir palabras co debuxo que as representa, completar palabras coa letra adecuada, elaborar listas de palabras nas que a seguinte comeza coa derradeira letra da anterior...

- **Taller de contos:** trátase dun espacio dedicado a gozar dos contos a través da súa lectura, creación, escenificación, recopilación de narracións breves, contos populares, adiviñas... Tamén pódense ler contos entre todos e pedirilles que inventen outros finais ou elaborar o libro da clase, que formará parte da biblioteca de aula e mesmo de centro.

No **2º ciclo**, as actividades deben ir encamiñadas á comprensión lectora e á adquisición de vocabulario específico de cada materia, sendo importante a utilización do libro de texto para adquirir os coñecementos e doutros recursos materiais de busca de información autónoma por parte do alumnado. En canto ás actividades de lectura, estas tamén se dividirán en:

- *Antes de ler*: lectura do título e comentario dos posibles temas do texto.

- *Durante da lectura*: seguen a ser importantes os dous tipos de lectura, oral e silenciosa, como medio de acadar unha boa comprensión lectora.

- *Despois da lectura*: pódense realizar:

- Actividades de comprensión, memoria e vocabulario: as mesmas que para 1º ciclo.

- Actividades de exercitación da habilidade visual: formulación de exercicios nas que busquen letras/palabras iguais nunha morea...

- Actividades de exposición: comentario e xuízo persoal sobre os textos escritos.

- Actividades de reflexión: preguntas guiadas polo mestre nas que se fará fincapé na comprensión do sentido xeral e do vocabulario do texto.

- A ficha de lectura: co título e autor do texto, data de empréstito e devolución, e con reflexións e recomendacións sobre o libro.

- Actividades de escritura: nas que se practiquen distintos tipos de texto vistos: adiviñas, contos populares, narracións, descricións, diálogos, cartas...

- Taller de contos: elaborar entre todos contos con ilustracións, música...

No **3º ciclo** as actividades irán encamiñadas a acadar un análise máis profundo e completo dos textos e un manexo máis amplo da escritura a través dos distintos tipos de textos. En canto á selección de lecturas, debe elixirse un maior número de xéneros, adaptados ás demandas dos alumnos deste derradeiro ciclo. Debe haber actividades de traballo individual, grupal e colectivo. Aquí aínda se afondaría máis no traballo da lectura dentro das áreas curriculares xa que os libros de texto e de busca de información son o elemento material máis utilizados nas sesións. Así, pódense facer actividades de comprensión do lido, nas que

redacten coas súas palabras o lido, preparación dunha exposición oral sobre un contido das áreas que inclúa a explicación de palabras máis técnicas...

Nas actividades de lectura, atoparemos actividades para:

- *Antes de ler*: formulación de preguntas sobre o que suxire o título.

- *Durante a lectura*: lectura silenciosa para comprender ben o que se le e en voz alta para traballar a entoación. O mestre corraxirá os problemas de vocalización, de entoación e de pausas. Tamén se realizarán preguntas de comprensión máis complexas que nos outros ciclos.

- *Despois da lectura*:

- Lembrar, reflexionar, meditar e valorar o lido.

- Ler bos textos de todo tipo para que aprendan outros xeitos de escribir que axuden a mellorar a do alumnado.

- Participación activa en propostas de animación da lectura pensada para compañeiros máis pequenos.

- A ficha de lectura: elaboración dunha ficha de lectura similar á do 2º ciclo.

- Actividades de uso da biblioteca de aula e de centro: neste ciclo, o alumnado ten certa autonomía para manexarse en ámbolos dous espazos e se lle seguirán formulando actividades para as que precise recorrer ós materiais da biblioteca.

- Taller de prensa: coñecer os medios de comunicación escritos, o seu formato, as súas seccións e o que se trata en cada unha, e análise crítico da prensa.

- Taller de contos e relatos: dramatizar textos (lectura en voz alta entre varios compañeiros) e escenifica-los (elaborar un decorado, elixir vestuario...).

Ademais destas actividades existen outras que desenvolvan a motivación lectora e que se poden aplicar nos distintos ciclos como poden ser:

- *Técnicas de Rodari*: (tódolos ciclos) actividades para xogar coas palabras e estimular a invención de historias: binomio fantástico, ensalada de contos...

- *Dramatización de contos, poemas...*: (tódolos ciclos) representar un texto lido en clase, seleccionando ou elaborando posibles diálogos e comentarios previamente, como debe actuar ou vestir cada personaxe...

- *Antoloxía de poemas*: (tódolos ciclos) elaborar un caderno con poemas seleccionados e/ou escritos polo alumnado con ilustracións realizadas por eles.

- *Comentario de finais alternativos*: (tódolos ciclos) idear entre todos distintos finais para unha historia e chegar a un acordo para ver cal é o mellor, tendo que xustificar cadanseu final.

- *Álbum de imaxes*: (1º ciclo) debuxar escenas das lecturas que se van facendo ó longo do curso. Despois pódense incluír nun caderno das lecturas do curso.

- *¿Que libro é?*: (1º e 2º ciclo) lanzar varias pistas sobre un libro da biblioteca de aula para que os nenos traten de adiviñar a obra en cuestión

- *¿Quen é quen?*: (2º e 3º ciclo) un neno pensa nunha persoa e os demais vanlle formulando preguntas cuxa resposta sexa “SI” ou “NON” para tratar de adiviña-lo.

- *Coloquio aberto*: (2º e 3º ciclo) debater sobre as accións das personaxes dunha lectura, razoando e valorándoas a partires das súas propias vivencias e experiencias.

- *Poemas colectivos*: (2º e 3º ciclo) faise un listado de palabras que rimen e se compoñen frases con elas. Despois ordénanse nuns versos con sentido.

- *Cargo rotativo de bibliotecario*: (2º e 3º ciclo) elixir periodicamente un responsable da biblioteca de aula que actualice o rexistro das obras e controle os empréstitos.

- *Concurso*: (3º ciclo) fórmanse dous equipos e, coa axuda do mestre, pénsanse preguntas sobre o contido de dous textos diferentes (un para cada grupo). Gañarán o concurso os que acerten máis preguntas.

- *Escritura colectiva de contos*: (3º ciclo) escribir un conto entre todos: cada neno irá engadindo dúas frases ata completa-lo.

## **6.2 Actividades dirixidas ó desenvolvemento da comprensión lectora desde tódalas áreas curriculares:**

### **A) Matemáticas:**

- Trasladar ó código lingüístico a linguaxe matemática e viceversa

- Comentar e intercambiar ideas sobre a comprensión dos enunciados previa á resolución de problemas e na explicación dos mesmos e sobre a comprensión dos conceptos matemáticos traballados e construír as súas propias definicións.

- Compoñer situacións problemáticas con datos diversos.

### **B) Lingua:**

- Ler e escribir textos de tipoloxía diversa ( cartas, poemas, receitas, diálogos...) con preguntas que recollan as principais dimensións da comprensión lectora: literal, inferencial, reorganizativa ou crítica.

- Realizar fichas con textos breves nas que o alumnado ten que responder preguntas en relación co escrito, podendo elixir entre varias alternativas, seleccionando a que se crea máis axeitada ó texto e inferindo o sentido implícito do mesmo.

- Autoanalizar o proceso de comprensión dun texto identificando os propios erros.

- Xogar cos textos: cambiar e/ou inventar o título ou o final; completar unha historia dado o principio ou o final; comezar historias polo final; mesturar historias...

### **C) Coñecemento do medio:**

- Elaborar mapas conceptuais e mapas mentais

- Realizar técnicas de estudo: subliñado, resumo, esquemas...

- Buscar e seleccionar información para ampliar ou reformar coñecementos.

- Realizar murais, carteis, presentacións,... sobre os temas traballados.

- Expoñer traballos realizados interaulas.

### **D) Educación física:**

- Buscar información nos distintos medios de comunicación sobre o tema que se está a traballar nesa unidade didáctica (deporte, xogo, saúde...).

- Recoller información e elaborar traballos a través das TICs

- Expor os traballos realizados na clase.

- Recoller e seleccionar noticias referentes a un deporte concreto.

- Elaborar un periódico mural con noticias elaboradas por eles mesmos sobre as actividades complementarias realizadas, con información sobre o regulamento deportivo ou dos xogos, a historia dos distintos deportes ou xogos, fotografías ou biografías de deportistas de sona, relacións entre o deporte e a saúde...

*E) Lingua estranxeira (Inglés):*

- Producir e interpretar textos en inglés con apoio visual
- Captar o sentido global de textos de distinta complexidade segundo o ciclo
- Comentar textos e completar frases coas palabras axeitadas
- Ler textos breves relacionados co tema e responder a preguntas sobre eles.
- Aprender poesías, cancións...
- Realizar lecturas e descrições de personaxes

*F) Relixión:*

- Intercambiar ideas e opinións en asemblea sobre textos bíblicos
- Traballar relatos bíblicos, describir as personaxes ou facer viñetas sobre citas bíblicas
- Ler contos breves nos que se resalten valores positivos
- Buscar información en internet sobre Campañas Solidarias ou o respecto ós Dereitos

Humanos

- Analizar personaxes bíblicos ou históricos resaltando as súas características
- Inventar parábolas actuais e poñelas en común e interpretar as do Novo Testamento.
- Buscar información en distintos soportes (prensa, revistas, enciclopedias, libros de consulta...) sobre distintos temas.

*G) Educación artística:*

- Realizar traballos plásticos a partir da lectura ou narración de textos.
- Creación de elementos plásticos para favorecer a comprensión oral ou escrita a partir de indicacións dadas.
- Audición de música para producir unha obra plástica.
- Buscar información sobre autores e as distintas tendencias musicais.



- Realizar fichas de autores que recollan a súa imaxe e as características máis relevantes da súa vida e obra

- Realizar audicións expresando os sentimentos que produce e establecer relacións co que o autor quixo expresar

- Ler e cantar unha canción con distintas entoacións

- Escribir e ler letras de distintas cancións e formar un libro cancionero con elas

- Inventar letras a partires dunha melodía e á inversa.

### **6.3. Actividades relacionadas coa celebración de actividades complementarias ou extraescolares:**

#### Certames e concursos:

- *Salón do libro*: na nosa cidade lévase a cabo ano tras ano a celebración do Salón do Libro que, neste curso, propón como tema as supersticións ( 12+1). No centro mercaranse libros dos propostos neste proxecto e exporanse na biblioteca do centro para que poidan ser utilizados neste proxecto. . A participación será decidida por cada mestre. A biblioteca escolar fará propostas ós ciclos para a participación neste certame.

Contacontos: o grupo Kalandraka ofrece unha actividade de contacontos gratuíta para aqueles centros que realicen a subscrición dos seus libros durante este curso. Ademais, os maiores do centro realizarán actividades de lectura de contos ós máis pequenos como xeito de aumentar a motivación lectora do alumnado.

Nas distintas conmemoracións e actividades complementarias propostas tanto no calendario escolar como na PXA poderanse realizar actividades vinculadas coa lectura como poden ser: lecturas de temas relacionados co magosto, a vendima, o Samaín, día da Paz, día de Muller Traballadora,etc, e que irán xordindo a medida que se vaia desenvolvendo o curso sendo unha proposta aberta, tanto das titorías, como

por exemplo dende a Biblioteca quen poderá facer, como se verá mais abaixo, recomendacións de lectura e proposta de actividades.

#### **6:4 Actividades/ propostas relacionadas coa “Hora de Ler”:**

Instáurase no presente curso escolar a “ Hora de ler” como actividade ou dinámica diaria dentro do horario escolar, concretamente na hora seguinte ó patio, sendo este un espazo adicado á lectura como actividade primordial.

A “ Hora de ler” realizada polo profesor que imparte clase na 4º hora, convértese nun momento de ocio e disfrute do acto lector, contribuíndo así á formación de lectores competentes que leen non só de xeito intensivo, senon por extensión e como unha actividade de lecer.

Así, dende este plan de lectura ofrécense algunhas recomendacións para articular a hora de lectura como puideran ser:

- Lectura compartida, entre o alumnado da aula, é dicir, cada neno le un fragmento dun conto, capítulo, episodio etc...e logo todos comentamos o lido
- Lectura libre, silenciosa, de aqueles libros que o alumno escolla libremente tanto na biblioteca de aula, de centro,ou aportacións voluntarias.
- Realización de lecturas interaulas e interciclos, coa finalidade de favorecer intercambios lectores, tutorizar os mais pequenos e facer da lectura un acto compartido.
- Lecturas para a ampliación de contidos traballados na aula ( non estará incluído o libro de texto). Neste caso, poderían ser artigos, prensa, bibliografía referida a contidos que se están a traballar etc.

#### **6.5. Actividades para alumnos con NEAE.**

Cómpre formular actividades específicas para os alumnos con NEAE e de procedencia do estranxeiro, os cales seguirán o ritmo da clase na medida do posible e atenderanse as súas necesidades dun xeito personalizado en sesións de apoio.

Entre outras actividades podemos indicar as seguintes:

- Formular actividades de comprensión lectora que se adecúen o nivel concreto dos alumnos con algunha dificultade: comprender o contido liña a liña ou parágrafo a parágrafo.

- Practicar a lectura en voz alta de textos accesibles
- Formular un tema de debate sinxelo para desenvolver a linguaxe oral.
- Facer actividades de busca de vocabulario para elaborar un dicionario persoal.
- Ofrecerlles literatura accesible axeitada ós seus intereses, sempre de calidade, de xeito que accedan a bos libros comprensibles para eles.

## **7. A BIBLIOTECA ESCOLAR COMO RECURSO NO PLAN DE LECTURA ANUAL:**

Enténdese por Biblioteca Escolar, tomando como referencia o manifesto UNESCO sobre Bibliotecas Escolares como un espazo educativo de importante interés no proceso de ensino-aprendizaxe, que presenta unha gran cantidade de recursos para favorecelo. Así, debe entenderse a biblioteca escolar como un recurso empregado pola comunidade educativa, como fonte de información e coñecemento. A biblioteca, asenta as bases do aprender continuo ou o que é o mesmo, as habilidades e destrezas propias da competencia de aprender a aprender. Pero, sobre todo nestas etapas da escolaridade, tanto de Educación Infantil como de Educación Primaria, a biblioteca escolar debe ser un lugar de confianza para o alumno ao que acudir para disfrutar da lectura, introducíndose naqueles mundos que estimulen a súa creatividade e fantasía así como ir incorporando este espazo como un recurso para ampliar coñecemento e resolver dúbidas contribuindo así ó desenvolvemento das áreas de coñecemento do currículo.

- Propostas para “ Hora de ler ( intercambios lectores, tutorizacións, contos musicados, bibliografía, fomento da participación das familias na “Hora de Ler”, recomendacións de lectura coa mascota de aula).
- Propostas para a busca e xestión da información ( acceso e emprego da biblioteca e de tódolos recursos da mesma para ampliar contidos das áreas, facer textos expositivos, pés de foto...)
- Propostas para fomentar a animación á lectura e á escritura ( fomento da composición escrita, participación en concursos e certames, exposición de traballos,

coplas dos maios, libros temáticos de creación no centro educativo en base ás distintas conmemoracións do calendario escolar...)

- Propostas para a participación no Salón do Libro ( bibliografía recomendada relacionada co tema proposto polo Salón do Libro, suxestións para a creación literaria por ciclos, colaboración con todo o centro para a participación neste certame, aporte de ideas...)
- Propostas para a celebración das distintas conmemoracións escolares ( momentos lectores, intercambios inter-ciclos e inter-aulas, power point con lecturas...)
- Coñecemento de recursos externos vinculados coa lectura e a información ( internet, biblioteca do concello, editoriais, Contacontos, visita de autores/ilustradores...)
- Proposta para a participación activa da comunidade educativa na animación á lectura ( fomento da lectura no centro polas familias, acudir á biblioteca do Concello, as “ Mochilas Viaxeiras”, recomendacións de libros de literatura infantil, exposición ós nenos a modelos lectores correctos facendo acompañamentos lectores no fogar, animar a crear una biblioteca na casa, actividades de intercambio de libros con amigos e familiares...)

Todas estas propostas irán concretándose nos distintos trimestres ó longo do curso escolar vinculando as distintas propostas cos equipos de ciclo para traballar de xeito consensuado e dinamizar a biblioteca escolar. Recóllense de xeito concreto na programación anual da biblioteca escolar feito polo equipo que dinamiza este recurso no centro educativo.

## **8. RECURSOS HUMANOS, MATERIAIS E ORGANIZATIVOS:**

### **8.1. Recursos humanos:**

Os recursos humanos para levar a cabo este plan de lectura confórmanos todo o profesorado do centro educativo, é dicir o Claustro de mestres con especial vinculación por parte do Equipo Directivo, Xefatura de Estudos e o Equipo de Biblioteca. Os seus membros relátanse a continuación:

Equipo de biblioteca:

Susana Batallán González

Ana M<sup>a</sup> Figueiras Folgar

Dolores M<sup>a</sup> Mato Cores

Paula Rodríguez Coma

M<sup>a</sup> Carmen Sabarís Rico

Rosa A. Pazos González ( coord.)

### **8:2 Recursos materiais:**

Os recursos materiais para desenvolver este plan anual de lectura están vinculados a aqueles que están presentes tanto nas bibliotecas de cada unha das aulas , como a biblioteca do centro educativo que se tornará nunha ferramenta práctica dentro da vida escolar.

A maiores contamos con recursos presentes na Comunidade como poden ser: Biblioteca do Concello, bibliotecas públicas, recursos na web e materiais que se vaian adquirindo en relación coa lectura.

### **8.3. Recursos organizativos:**

Tódalas aulas contarán con unha hora para poder acudir á biblioteca e facer o empréstimo sendo os mestres os asesores da lecturas así como os membros do equipo da biblioteca, propoñendo recomendacións de volumes, informando de novidades no stand da mascota, etc.

Ademais cóntase coas bibliotecas de aula como recursos para o empréstimo que, como proposta poden enriquecerse con volumes aportados polas familias ( en consenso coa titoría) ou pola biblioteca de centro.

## **9. SEGUIMIENTO DO PLAN E AVALIACIÓN FINAL:**

Todo plan ou proposta precisa ser avaliado de cara a valorar a súa eficacia e resultados.

Ó longo do curso, e vinculando a todo o Claustro, faránse avaliacións conxuntas nos equipos de coordinación docente para valorar o desenvolvemento deste plan relacionado coa lectura.

Ó remata-lo curso elaborárase unha memoria final onde se recolla o grado de consecución dos obxectivos propostos neste plan así como as propostas de mellora, tanto dos ciclos, como do equipo de Biblioteca, co fin de ir mellorando de forma progresiva na implantación da lectura como unha actividade normalizada na vida do centro. Todas as conclusións e propostas formarán parte da Memoria Final do curso como elemento de reflexión e mellora das accións plantexadas no centro educativo.